

BEATUS QUI LEGIT

Xesús Alonso Montero

Marcos Ana: versos na cadea

Houbo un tempo en que Marcos Ana era un dos poetas españois máis coñecidos e respectados de España: case tanto como Antonio Machado, García Lorca e Rafael Alberti. Os *letraferits* de esquerdas de moitos países de Europa e os letraferidos antifascistas de moitos países de América recitaban poemas seus, arredor de 1960, cunha mestura de fervor e de alporizamento. O autor, Fernando Macarro Castillo (Alconada, Salamanca, 1920), acababa de saír das prisións franquistas despois de vinte e tres anos de cativeiro (1939-1961). Había algún tempo que versos conmovedores seus furaban aqueles inhumanos muros para seren lidos en foros pacifistas, nas sedes dos partidos progresistas e nas cátedras de Hispanística de Europa e de América nas que se explicaba que Franco era sinónimo de barbarie e terror. O seu *nom de plume* xa era Marcos Ana, homenaxe do poeta a seu pai e mais a súa nai.

Acaba de publicarse un volume seu co título *Poemas de la prisión y de la vida* na editorial Umbriel-Tabla Rasa, de Barcelona. Boa parte destes poemas circulaban, arredor de 1960, en follas e revistas clandestinas,

e nunha delas eu lía, aterrado, estes versos escritos na prisión de Burgos en 1956: «Mi vida / os la puedo contar en dos palabras: / un patio y un trocito de cielo / por donde a veces pasan / una nube perdida / y algún pájaro huyendo de sus alas». Levaba o poeta dezasete anos nas mazmorras franquistas. Cinco anos despois, aínda preso, o poeta preguntaba: «Decidme cómo



es un árbol [...] / Decidme cómo es el beso / de una mujer». Estas poéticas interrogacións finalizaban: «Veintidós años ... Ya olvido / la dimensión de las cosas [...] / Hablo, por hablar, de asuntos / que los años me borraron... / No puedo seguir, escucho / los pasos del funcionario».

Hai dez anos, dous cantores —e músicos— galegos, Mini e Mero, nobres musas inconformes, bateron con este poema e, antes de que chegasen os funcionarios, traducírono, musicárono e cantárono, e fixérono, en Oleiros, diante do propio Marcos Ana, verdadeiramente emocionado de recibir en galego os seus conmovedores versos. Por certo, no primeiro verso do poema a tradución non foi literal: «Decídeme como é un carballo». Estou convencido de que Mini e Mero sabían que o carballo era, nun excelso poema castelán de Rosalía, a árbore sacra de Galicia, pero non sei se sabían que, preso con Marcos Ana, levaba dezanove anos Alberto Puente, paisano noso, que morrería, moito despois, no exilio venezolano. Supoño que este camarada de ideas e de infortunio xa non tiña idea precisa de como eran as polas e as follas dos carballos.